

Autor: **GONZALO MOURE**
Ilustradora: **ESPERANZA LEÓN**
Tradución: **XOSÉ BALLESTEROS**

Encadernado en cartón. 23x30 cm.

48 páxinas a toda cor

Dispoñible en:

-Galego: "Son un caballo". ISBN 978-84-8464-648-8


-Castelán: "Soy un caballo". ISBN 978-84-96388-70-3

-Catalán: "Sóc un cavall". ISBN 978-84-935912-2-9

Prezo: 20 €

SON UN CABALO

**Moitos días vén a verme unha nena.
Tamén monta en min. Asústanme os humanos;
cando os vexo a miña cabeza dime: fuxir.
Mais a nena xa non me asusta.
Sei que non quere facerme dano,
sei que me quere como eu aprendín a querela a ela.**



FINALISTA DO PREMIO LLIBRETER 2008

A través dun relato cheo de tenrura e emoción, en ton poético, Gonzalo Moure invita ao lector a adoptar un punto de vista inusual, a poñerse na alma e nos sentidos dun cabalo, o que en definitiva supón verse a si mesmo a través doutros ollos para comprender como somos vistos os humanos por seres sobre os que exercemos dominación, e mesmo violencia.

En total harmonía co texto, as ilustracións de Esperanza León sumérxennos nun diálogo entre pensamento e materia, pasado e presente. Partindo da arte rupestre, na que se inspira, os seus pinceis mesturan pigmentos e cores cheas de significado: a area que evoca un tempo dourado, o azul dos sonhos e o gris da cinza. Apréciase unha xustaposición de imaxes nalgúns debuxos intencionadas, apelando ao destino compartido que une a home e cabalo.

Trátase dun libro "cabalista", non "homista", como o define o autor; un libro enriquecedor, unha cura de humildade, unha historia de amor na que o cabalo dános unha lección de xenerosidade, tolerancia e comprensión. O cabalo asume que a linguaxe de homes e equinos é diferente, pero aprendeu a interpretar a vontade das persoas a través das súas expresións e movementos; a cambio, pídenos o mesmo esforzo que el fai por nós: que saibamos o valor dos seus xestos, olores e rinchos, porque a comunicación non se cingue unicamente ás palabras.

A clave está en adoptar outra visión do cabalo, non como obxecto de pracer ou de traballo físico, senón como exemplo de nobreza, equilibrio e respecto coa natureza. Un animal que ama a liberdade, unido por un profundo vínculo cos seus semellantes, cunha forza directamente proporcional á súa sensibilidade. E así, disposto a esquecer e a perdoar que os humanos -carnívoros- e os cabalos -herbívoros- sexan bioloxicamente inimigos, ofrécese para que as dúas

especies formen unha soa cando comparten o camiño, o vento...

GONZALO MOURE (Valencia, 1951)

Xornalista e escritor; as súas obras, distinguidas cos principais galardóns de literatura infantil e xuvenil, destacan polo seu compromiso social: o pobo saharauí, os dereitos da infancia, a igualdade entre razas ou o medio ambiente. Destacan títulos como "Geranium" (1991, Lista de Honra IBBY), "Lili, Libertad" (Premio Barco de Vapor 1995), "Maíto Panduro" (2001, Premio Ala Delta) "Los gigantes de la luna", "El síndrome Mozart" (Premio Gran Angular 2003), "En un bosque de hoja caduca", (Premio Anaya), "Palabras de caramelo"... Afincado en Asturias dende 1989, imparte charlas sobre os seus libros en centros educativos, bibliotecas e clubs de lectura.

ESPERANZA LEÓN (Cuenca, 1957)

Licenciada en Belas Artes na especialidade de pintura pola Universidade Complutense de Madrid. Paralelamente á súa actividade de pintora e gravadora, realizou ilustracións para deseño, prensa, investigación botánica e diversas editoriais; tarefas que compaxinou coa ensinanza do debuxo e a pintura para adultos. Participou en exposicións individuais e colectivas, tanto en España como noutros países (Francia, Suíza e Cuba). As súas obras están en coleccións públicas e privadas.

- **Temática:** a relación entre home e cabalo dende o punto de vista deste último
- **Idade:** a partir de 10 anos e adultos
- **Aspectos destacables:** libro "cabalista"; ilustracións inspiradas na arte rupestre
- **Aplicacións:** a harmonía entre o home e a natureza; linguaxe animal vs. humana; linguaxe non verbal, corporal; a comunicación